

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL VILAS VIVAS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, César Manuel Fernández Gil, alcalde do Concello de Ribadavia, que actúa en nome e representación do dito concello e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.l.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dispón que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Segundo.- A Dirección Xeral de Comercio e Consumo aposta pola consolidación dun sector comercial competitivo, forte, moderno e atractivo, fomentando novas fórmulas de dinamización e colaboración comercial que permitan unha maior visibilización do comercio para estimular a oferta e revitalizar os espazos urbanos e rurais.

Neste marco de referencia, o 31 de marzo de 2025 apróbase polo Consello da Xunta o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 coa finalidade de incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación, a sostibilidade e as novas tecnoloxías, así como consolidar o sector comercial como un sector profesional, cualificado, de calidade e fortalecido que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.



Para a consecución desta finalidade, o plan estrutúrase en torno a tres eixes de actuación prioritarios. O Eixe 2 "Dinamización e visibilidade do comercio" comprende sete medidas para fomentar as novas fórmulas de dinamización e colaboración comercial dirixidas a estimular a oferta e revitalizar espazos urbanos e rurais, fidelizar ás persoas consumidoras e atraer ás novas xeracións, crear sinerxías intersectoriais que sirvan de referencia de novos modelos de rexeneración da actividade comercial vencellada ao territorio e visibilizar os valores do comercio local mediante unha imaxe de marca e modelos de excelencia.

En concreto, dentro da medida 2.3 "Impulsar a recuperación da actividade comercial co obxectivo de recuperar contornos urbanos" contéplase a acción 2.3.1. "Poñer en marcha o proxecto Vilas Vivas para a revitalización da actividade económica, turística e cultural de vilas senlleiras".

Nas vilas que contén un casco urbano histórico ou singular cunha alta concentración de comercios pechados, con potencial turístico e cunha produción local senlleira como motor económico, como é o caso de Ribadavia, desenvolverase o proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas a través do aluguer de baixos comerciais en desuso, a súa restauración e a posta a disposición dos comerciantes e artesáns en formato efémero.

Estas actuacións complementaranse con diferentes melloras nos espazos comerciais, co impulso dunha estética homoxénea para o contorno e con actividades de dinamización comercial, social e cultural dirixidas a contribuír á recuperación do tecido comercial local e, en definitiva, a fortalecer a actividade económica das vilas galegas.

Terceiro.- O Concello de Ribadavia, en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, ten a firme vontade de colaborar no desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas.

Ribadavia dispón dun casco histórico medieval único declarado Conxunto Histórico Artístico e Ben de Interese Cultural no ano 1947 e, ademais, forma parte da "Red de Juderías de España – Caminos de Sefarad" grazas ao gran legado sefardí que configura a identidade do concello.

Así mesmo, Ribadavia é a capital da comarca do Ribeiro, territorio cunha destacada tradición vitivinícola que conta con 115 adegas integradas na denominación de orixe máis antiga de Galicia, o que favorece unha intensa actividade turística vinculada ás rutas do viño, visitas e catas. A isto súmanse outros recursos de grande atractivo como a oferta termal, a oferta museística e o turismo deportivo nos encoros de Castrelo de Miño e Frieira.

Este enclave singular alberga, ademais, elementos patrimoniais de gran relevancia como o Castelo dos Sarmientos que historicamente foi epicentro dunha intensa actividade comercial. Esta forte actividade comercial, xunto coa actividade vitivinícola, consolidouse no tempo e posicionou ao Concello de Ribadavia como referente e cabeceira da comarca. Sen embargo, nos últimos anos esta actividade está en declive, especialmente no seu casco histórico, afectando á vitalidade económica da vila.



Cuarto.- O Concello de Ribadavia está a realizar un importante esforzo para recuperar e potenciar a actividade comercial, turística e económica do concello. En 2024 aproba o Plan Estratéxico de Turismo e actualmente está a elaborar o Plan de Dinamización Socioeconómica dentro da Área Rexurbe da Xunta de Galicia orientado á dinamización comercial, económica e social do casco histórico da vila.

Durante os días 6 a 8 de decembro de 2024 celébrase no Concello de Ribadavia o mercado "Artesanía, saber e sabor", unha iniciativa piloto organizada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co fin de converter ao casco histórico da vila nun mercado de produtos artesanais e alimentarios.

O obxectivo principal perseguido coa celebración deste mercado é o de explorar novas fórmulas e experiencias para a comercialización de produtos de Artesanía de Galicia e produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada a través do uso efémero de diferentes locais comerciais do casco histórico de Ribadavia, abertos ao público para este evento, complementándose o atractivo comercial ofertado cun programa de diversas actividades para todos os públicos: obradoiros de artesanía dirixidos a familias e a profesionais, demostracións de oficios, catas, degustacións, baile, música e sorteos.

O resultado da organización en Ribadavia do mercado "Artesanía, saber e sabor" foi un éxito de participación e dinamización económica, xerando un notable impacto turístico na vila durante os meses de decembro e xaneiro, o que repercutiu directamente na revitalización social, comercial e, en definitiva, económica do concello.

Ademais, coincidindo coa celebración deste mercado, o Concello de Ribadavia proclámase gañador da 11ª edición da Campaña "Xuntos brillamos máis" organizada anualmente pola compañía Ferrero Rocher para proceder á decoración e iluminación navideña das rúas, edificios emblemáticos e prazas da vila gañadora, incrementando aínda máis a afluencia de visitantes a Ribadavia.

Quinto.- Co obxectivo de consolidar Ribadavia como un destino de referencia en Galicia, tanto no ámbito comercial como no turístico e, por tanto, económico, o 18 de febreiro de 2025 o concello presenta ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha solicitude de colaboración para a posta en marcha dun programa de dinamización do comercio no Casco Histórico de Ribadavia, en consonancia coas accións estratéxicas desenvolvidas nos últimos meses para contribuír á revitalización social e económica da vila.

Posteriormente, o 25 de abril de 2025 o concello achega a relación dos locais que están dispoñibles para o desenvolvemento do proxecto Vivas Vivas (anexo I).

Sexto.- A proposta de actuación proxectada no Concello de Ribadavia considérase de grande interese xa que ten cabida no proxecto Vilas Vivas e a súa execución servirá, por unha banda, como proxecto piloto para testar a súa proxección noutras vilas de Galicia a través da convocatoria pública dunha liña de axudas e, por outra banda, reverterá na revitalización comercial e económica de Ribadavia, potenciando o fortalecemento, a modernidade e a competitividade do seu comercio local. Por isto,



considérase necesario colaborar co Concello de Ribadavia para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Ribadavia.

A teor do exposto, a confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións, polo que, en virtude das competencias que ambas teñen atribuídas, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas.

Segunda.- *Orzamento e financiamento*

O orzamento deste convenio ascende a cincocentos oitenta e nove mil cincuenta euros (589.050,00 €), IVE incluído.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a financiar o 100 % do dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.4, proxecto de investimento 2015/00275, modalidade de financiamento 1010, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026 coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	496.800,00 €
2026	92.250,00 €
TOTAL	589.050,00 €

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual en virtude do establecido na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello das Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscripción deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Na execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións, cos custos e o contido que se desagregan a continuación:



ACTUACIÓN	2025	2026
1. ADECUACIÓN DE LOCAIS PARA USO COMERCIAL	413.550,00 €	
2. DECORACIÓN DE RÚA EN EIXOS COMERCIAIS	25.500,00 €	
3. SINALIZACIÓN	4.500,00 €	
4. DIXITALIZACIÓN	13.000,00 €	7.000,00 €
5. AXUDAS Á INTEGRACIÓN DO COMERCIO LOCAL	15.000,00 €	15.000,00 €
6. DINAMIZACIÓN	20.000,00 €	40.000,00 €
7. FORMACIÓN	5.250,00 €	5.250,00 €
8. PERSOAL		25.000,00 €
IMPORTE TOTAL CONVENIO	496.800,00 €	92.250,00 €

Terceira.- *Gastos subvencionables*

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Vilas Vivas que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación establecida na cláusula oitava deste convenio. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, permitirase a subcontratación do cen por cen das actividades subvencionadas.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, apartados 4 e 5, da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cuarta.- *Obrigas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración*

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a:

1. Librar as achegas que correspondan unha vez que o Concello de Ribadavia presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.
2. Poñer a disposición do Concello de Ribadavia as guías e normas de uso e visual merchandising do proxecto Vilas Vivas así como os requisitos e criterios de



participación e rotación das persoas comerciantes e artesás participantes no proxecto.

3. Prestar ao Concello de Ribadavia nas distintas fases de execución do convenio a axuda e colaboración técnica necesaria para o seu desenvolvemento a través da Oficina Técnica do proxecto Vilas Vivas prevista na cláusula décimo quinta do convenio.

Quinta.- Obrigas do Concello de Ribadavia

O Concello de Ribadavia en relación co desenvolvemento do proxecto Vilas Vivas comprométese a:

1. Poñer a disposición do proxecto Vilas Vivas os locais que figuran no anexo I mediante contrato de aluguer coas persoas propietarias por un tempo mínimo de dous anos prorrogables anualmente.
2. Poñer a disposición do proxecto Vilas Vivas a igrexa da Magdalena e os locais e instalacións de titularidade municipal, preferentemente ubicadas no casco histórico, que poidan ser necesarias para a xestión do proxecto, tales como almacenaxe, oficina de información ou calquera outro uso que contribúa ao seu adecuado desenvolvemento.
3. Licitar, adxudicar e executar os contratos de adecuación dos locais que figuran no anexo I, de decoración e sinalización das rúas de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública e respectando as guías e normas de uso e visual merchandising do proxecto Vilas Vivas.
4. Licitar, adxudicar e executar os demais contratos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública e respectando, no seu caso, as guías e normas de uso e visual merchandising establecidos do proxecto Vilas Vivas. En concreto, actuacións dirixidas a dixitalizar a información do proxecto, á dinamización e integración do comercio local, e á formación e á disposición do persoal que participe no proxecto, así como calquera outro que sexa preciso para a execución do obxecto do contrato.
5. Seleccionar de acordo cos principios de publicidade, concorrência, transparencia, igualdade e non discriminación ás persoas comerciantes e artesás que exercerán as actividades comerciais e/ou obradoiros segundo os requisitos e criterios de participación e rotación do proxecto Vilas Vivas.
6. Responder de todas as obrigas contractuais derivadas dos distintos expedientes de contratación que teñan lugar para o desenvolvemento do proxecto.
7. Outorgar, no seu caso, os permisos, licenzas ou autorizacións que sexan procedentes de acordo coa normativa municipal vixente para o desenvolvemento das distintas actividades económicas, obradoiros e actividades de dinamización que comprendan o proxecto Vilas Vivas.



8. Adoptar as medidas e desenvolver as actuacións necesarias que sexan da súa competencia en relación coa ocupación das vías e demais espazos públicos, habilitación de zonas de carga e descarga, aparcadoiros, servizo de limpeza e recollida de residuos e calquera outra que contribúa ao adecuado desenvolvemento do proxecto Vilas Vivas.

Así mesmo, o concello quedará suxeito, en todo caso, ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e das demais que resulten de aplicación á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

1. Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.
3. Xestionar e executar os investimentos que fundamentan a concesión da subvención con suxeición aos procedementos de contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
4. Xustificar ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
5. Someterse ás actuacións de comprobación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
8. Comunicar por escrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.



9. Comunicar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
10. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sexta.- Subcontratación

O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio, agás que o impida a natureza das mesmas. As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a entidade local contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes ou así o esixa a natureza do obxecto.

A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para poder ser adxudicador.

Sétima.- Relación con terceiros

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Oitava.- Xustificación e pagamento

1. A data límite para xustificar os investimentos será o 4 de decembro de cada anualidade 2025 e 2026, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.



Neste convenio plurianual entenderase que os investimentos e pagamentos realizados desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste, no seu caso, de anualidades observarase o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O Concello de Ribadavia estará obrigado a xustificar diante da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

3. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poderán ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración -Dirección Xeral de Comercio e Consumo- que emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.



A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Os pagamentos correspondentes serán realizados ao concello unha vez presentadas as correspondentes xustificacións e aprobadas polos órganos competentes da consellería.

A achega da consellería minorarase porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrência con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

4. Comprobación material:

Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nas subvencións de capital superiores a 60.000,00 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas dúas administracións intervinientes neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

5. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 50 % do importe concedido por anualidade, logo da correspondente solicitude e xustificación da súa necesidade polo Concello de Ribadavia. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento por parte da entidade beneficiaria dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Novena.- *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso, minorarase a subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Décima.- *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

Incumprimento parcial:



Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Incumprimento total:

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do seu regulamento.

Décimo primeira.- Modificación

O Concello de Ribadavia poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado. En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actividades subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.



- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación de aplicación.

Décimo terceira.- *Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Décimo quinta.- *Oficina Técnica do proxecto Vilas Vivas*

A Oficina Técnica do proxecto Vilas Vivas da Dirección Xeral de Comercio e Consumo será a encargada de:

1. Elaborar as guías e normas de uso e visual merchandising dos locais e rúas así como os requisitos e condicións de participación no proxecto Vilas Vivas.
2. Asistir ao Concello de Ribadavia na elaboración da documentación técnica necesaria para o desenvolvemento do proxecto. En concreto, os pregos de



contratación e os documentos para a selección das persoas comerciantes e artesás participantes.

3. Programar e calendarizar as actividades comerciais e obradoiros do proxecto Vilas Vivas.
4. Programar e calendarizar as actuacións de dinamización do proxecto Vilas Vivas.
5. Asistir e supervisar o adecuado desenvolvemento do proxecto Vilas Vivas.
6. Realizar o seguimento do proxecto Vilas Vivas mediante un sistema de indicadores que permitan a súa avaliación.

Décimo sexta.- *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas en representación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e dúas persoas en representación do Concello de Ribadavia.

A comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao mes a petición de calquera das partes e a súa función será propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes e velar polo cumprimento deste convenio.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décimo sétima.- *Vixencia*

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Décimo oitava.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas e, ademais, polos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

Corresponderanlle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Emprego, Comercio e
Emigración

Polo Concello de Ribadavia

José González Vázquez

César Manuel Fernández Gil

